



ROTEIRO DO CASTRO DE SESTELO

Limiar

Continuando coa programación prevista por Roteiros de Lalín, o domingo 27 de decembro realizaremos o Roteiro do Castro de Sestelo. Trátase dunha ruta de 16 quilómetros de carácter circular con saída e chegada na praza da igrexa de Lalín, no quilómetro cero.

Consideramos que é interesante que haxa catro ou cinco roteiros circulares con saída e chegada en Lalín. A idea que se quere transmitir é que a vila de Lalín e o noso rural están fortemente vecellados e deben ser entendidos coma un conxunto, pois non se pode entender a vila sen o rural. Tamén preténdese ofertar a todos aqueles que se acheguen a Lalín catro ou cinco opcións sinxelas para ir descubrindo o noso Concello.

Este pequeno traballo é unha recopilación de informacións sobre aspectos de interese que ten este percorrido, e quere documentar os elementos destacables polos que pasa esta ruta.

Queremos agradecer a colaboración de Antonio Presas García que é autor de boa parte dos traballos que se inclúen neste documento. Queremos agradecer tamén a labor de investigación e divulgación que veñen realizando persoas como Daniel González Alén, Francisco Rubia Alejos, César Gómez Buxán, Antonio Vidal Neira, e moitos outros que sería longo enumerar, así como a todos aqueles que publicaron traballos no anuario descubrindo ao longo dos anos, ou tamén en prensa ou en calquera formato. É de xustiza recoñecer o esforzo de todos eles e por suposto é obrigado citar a bibliografía da que partimos para documentar os roteiros.

Queremos que Roteiros de Lalín teña unha dimensión cultural e divulgativa, porque coñecer o noso patrimonio serve para impulsar a súa conservación e posta en valor e tamén para tomar conciencia do que somos como pobo.

Víarum dezae
Roteiros de Lalín

Roteiro do Castro de Sestelo

DOMINGO DIA 27 DE DECEMBRO DE 2015.

HORA 9:00 CONCENTRACIÓN NA PRAZA DA IGREXA

HORA 9:30 SAÍDA DO ROTEIRO

Percorrido curto:

- Distancia 11 quilómetros
- Dificultade baixa
- Duración aproximada 4 horas (9:30 a 13:30)
- Lalín quilómetro cero, paseo Pontiñas, Estivelle, Carballedo, Valiñas, O Requeixo, Río Asneiro, Castro de Sestelo, Polígono de Botos. Regreso en autobús ata Donramiro e Lalín.

Percorrido longo:

- Distancia 16 quilómetros
- Dificultade media
- Duración aproximada 5 horas (9:30 a 14:30)
- Lalín quilómetro cero, paseo Pontiñas, Estivelle, Carballedo, Valiñas, O Requeixo, Río Asneiro, Castro de Sestelo, Polígono de Botos, muiño de Baxán, Os Olmos, Filgueiroa, Carballeira da Crespa, Donramiro, Lalín.


Recomendacións:

- Non apto para menores de 12 anos.
- Calzado de monte e roupa de abrigo e chubasqueiro.
- Levar avituallamento sólido e líquido.
- Autobús opcional para voltar dende Botos ata Lalín

Inscripcións dende o luns día 14 de decembro ata o xoves día 24 de decembro en internet, pavillón Lalín Arena e Concello.

<http://www.lalin.org/concellerías/turismo/movete>

MAPA DA RUTA



DESCRICION DO ROTEIRO

O roteiro do Castro de Sestelo permítenos visitar a contorna de Lalín a través dun percorrido circular que se inicia en dirección suroeste e vai enlazando por camiños fermosas carballeiras, o encaixamento do río Asneiro, o Castro de Sestelo, Botos, o muiño de Baxán, o Pazo de Filgueiroa e remata no corazón do conxunto histórico de Donramiro dende onde se volta a Lalín.

Iniciamos a andaina na praza da igrexa. Empregamos a parte inicial do paseo Pontiñas pero desvíámonos pasada a carballeira da Crespa á esquerda en dirección a Estivelle e Donsión, que deixaremos á nosa dereita.






Baixamos ata Carballude e pasamos por entre as súas casas e a fonte. Seguimos en descenso por unha carballeira ata topar a vía do tren. Deixamos a man dereita un túnel e subimos por unha fermosa congostra case sempre con lama. Cruzamos a estrada.

O roteiro lévanos de carballeira en carballeira ata que tomamos un carreiriño por onde comezaremos a escoitar o agarimoso son do río Asneiro. O río vai fortemente encaixado no val e verémolo ir lixeiro entre penedos.



Un pouco de sendeiro e chegaremos ao castro de Sestelo. Vése claramente o seu paramento exterior e as súas estruturas defensivas. Moi preto está a antiga fábrica da luz e os restos dunha ponte que daba acceso á mesma.

Sáímos do castro e seguimos enlazando carballeiras. Pasamos por unha pequena ponte cara o outro lado da vía do tren. Baixamos cara o pequeno río Portos que cruzamos por unha pontella e saímos ao polígono industrial de Botos.



No retorno a Lalín aínda disfrutaremos de tres fermosos camiños. Un deles pasa xusto á beira do muiño de Baxán. Forte subida para salvar a autoestrada e chegar ao pazo de Filgueiroa. Despois novamente a carballeira da Crespa e final en Donramiro completando un total de 16 quilómetros de percorrido.

ENCAIXAMENTO DO RÍO ASNEIRO



FIGURA 1.2 Vista da planicie Gresande-Botos-Donsión, desde as proximidades do castro de Gresande. Esta planicie corresponde ao espazo denominado "Superficie Fundamental de Galicia" ou "Superficie Chantada-Lalín" situada a unha altura comprendida entre 600-500 metros. O río Asneiro atravesa esa superficie mediante un pronunciado encaixamento.

O ENCAIXAMENTO DO RÍO ASNEIRO EN PONTAMOAS

DESCRICION

O tramo do río Asneiro comprendido entre a Ponte Nova, a carón do Polígono Industrial de Botos e a súa confluencia no río Deza, na Xunta dos Rios (Cristimil), cunha lonxitude de 12,5 Km., caracterízase pola gran profundización do río que discorre a un nivel moi baixo respecto do seu propio val. De feito, nos perfís topográficos pode apreciarse o dobre efecto dun val estreito, profundo e con fortes pendentes en torno ao curso fluvial e un val exterior aberto, extenso e con pendentes normalmente suaves.

Neste tramo, o río salva un desnivel de 100 metros, dado que a Ponte Nova está a unha altura de 450 metros e a Xunta dos Ríos atópase a 350 metros sobre o nivel do mar. En consecuencia, a pendente media do río entre estes dous puntos é dun 0,8%, unha porcentaxe demasiado acusada para o curso baixo ou final dun río.

Nas zonas de encaixamento, como sucede en Pontamoas, as ladeiras ou vertentes presentan un perfil pouco inclinado ata a liña de rotura de pendente, no espazo da bocarribeira e, partires da mesma, a inclinación do terreo, cara o río, acada valores altos comprendidos entre un 25% e un 35%. Os encaixamentos fluviais dos nosos ríos poden considerarse parecidos aos canóns que se formaron en correntes de auga que seccionaron, en vertical, o seu leito cortando as capas dos terreos

sedimentarios. En Pontamoas, o encaixamento propiamente dito, sobrepasa os 80 metros de desnivel, formando ribeiras moi escarpadas

EXPLICACIÓN

Para que se orixine un encaixamento fluvial ten que haber un levantamento lento do territorio polo que circula unha corrente fluvial e que esta teña capacidade erosiva suficiente para que a súa canle vai escavando as rochas, mediante procesos mecánicos, unha vez alteradas pola meteorización.

Toda a parte sur da conca do Deza, na que se inclúe a do Asneiro, desde a Falla Marxinal ou gran Falla do Pico Sacro, experimentou unha elevación en bloque, respecto do lado norte, durante o último pregamento alpino, un pregamenteo que dou orixe á formación da Cordilleira Cantábrica, Montes Vascos e Pirineos. O río Deza traspasa esa liña de falla á altura da Carixa (Merza), onde a se atopa a tan só 180 metros de altura sobre o nivel do mar. Por todo iso, a corrente fluvial do curso principal funcionou como unha serra que foi cortando, lentamente, as rochas para regularizar o seu perfil e no caso daqueles ríos que non puideron actuar erosionar a súa canle víronse obrigados a superar os desniveis mediante fervezas, como a do río Toxa.

CONSECUENCIAS XEOGRÁFICAS

A formación de vales encaixados orixinou ladeiras escarpadas, con fortes pendentes, colonizadas por unha densa vexetación arbórea a base de especies caducifolias que formaron un "bosque tipo galería" conectado ao bosque ripario. A seren espazos con tanta pendente non foron ocupados polas aldeas, que se situaron alonxadas dos profundos cursos de auga.




FIGURA 1.1 Perfil topográfico dunha sección do río Asneiro entre Pontamoas e a aldea de Carballude (Donsión). O lateral esquerdo corresponde á vertente esquerda (parroquia de Gresande) e o dereito a outra vertente (parroquia de Donsión).

ANTONIO PRESAS GARCÍA

BIBLIOGRAFIA.

Sen referencias bibliográficas.

ROTEIRO DO CASTRO DE SESTELO

CASTRO DE SESTELO



FIGURA 2.1 Vista do flanco Sur do Castro de Sestelo. Foto tomada desde a vertente esquerda do río Asneiro (ano 2006).

O CASTRO DE SESTELO

OS NOMES

O **castro de Sestelo** está catalogado por Patrimonio coa referencia GA36024033, pero é recoñecido entre o vecindario cercano por diversos nomes: A Aurela do Castro, o Castro Distelado, O Castro, O Castro de Botos

LOCALIZACION

O castro de Sestelo localízase na marxe dereita do río Asneiro, aproveitando un dos meandros encaixados que aparecen entre as parroquias de Soutolongo e Botos, adaptándose a un saínte ben formado na rotura de pendente, polo que os sistemas defensivos ou de protección deste poboado aproveitan ás condicións naturais do terreo por tres costados (oriental, meridional e occidental), mentres que, no flanco setentrional, articuláronse unha serie sucesiva de parapetos, foxos e murallas para o seu aillamento. A diferenza máxima de altura ou desnivel entre o castro (470 m) e o río Asneiro (435 m) é duns 35 metros e as pendentes acadan valores moi altos (entre un 50%-70%), facilitando a súa defensa.

MORFOLOXIA DO ASENTAMENTO

O castro adaptase perfectamente á forma do terreo, presentando un recinto superior ou croa, pola parte meridional, rodeada por un forte terraplén e un antecastro, relativamente extenso, polo lado setentrional, protexido por varias liñas

defensivas, sendo ás máis externas dous foxos paralelos, moi colmatados por recheos. En conxunto ocupa unha superficie algo superior a dúas hectáreas, correspondéndolle á croa rochosa, pola parte interna, unhas 0,37 Ha.

LENDAS

Respecto deste castro conserváronse varias lendas relacionadas coa presenza dos "mouros", coa existencia de pasadizos subterráneos que levan ata o río ou que pasan por debaixo del para comunicar co castro de Vilar, unha perigosa viga de ouro e alquitrán ou muiños de mouros que se escoitan funcionar por debaixo da "Aurela" Tamén ten sido obxecto dalgún oculto desconxuro na procura de tesouros ocultos

MATERIAL ARQUEOLÓXICO

Segundo información dos veciños, foron desenterrados diversos anacos de cerámicas cando fixeran estivadas no castro e logo, cando se ancheou a pista que leva cara á central hidroeléctrica, nunha sección da mesma, apareceu abundante cerámica, anacos de barro con improntas de varas (recebo de vivendas feitas con varas entrelazadas), anacos de muiños de man, cantos rolados recollidos no río e pedras de construción de cantería. Estes últimos materiais foron localizados no antecastro, nun sitio que debeu corresponder a unha cabana castrexa.

PROBLEMTICAS

As agresións que ten sufrido este xacemento arqueolóxico veñen dadas, especialmente, pola apertura do camiño da central hidroeléctrica que se construiu, arredor do ano 1918 para transportar o material e as turbinas da "Fábrica da Luz", atravesando as estruturas do antecastro e pasando ao pé do terraplén da "Aurela" ou croa. No ano 1987, nunha tentativa veciñal para recuperar a ponte arrasada pola enchenta da cicloxénese producida polos restos do furacán Hortensia (1984), foi ancheado este camiño ata sobrepasar os catro metros e no ano 2012, unha escavadora da Deputación, ampliou o camiño ata sete metros pero, despois dunha intervención silenciada de Patrimonio restituiuse parte del ao estado anterior.


ANTONIO PRESAS GARCÍA.

BIBLIOGRAFIA.


- BUXAN SACO, C. (1989): **Guía dos Castros de Lalín**. Asociación Cultural "O Naranxo", Lalín
- CARBALLO ARCEO, L.X. (2001): **A Cultura Castrexa na Comarca de Deza**. Colección Deza Básicos, núm 4. Seminario Estudos Deza
- DEPODEZA (2012): **Ficha Arqueolóxica dos Castros da Comarca de Deza (Pontevedra)**. Deputación de Pontevedra.
- PRESAS GARCIA, A. (2008): **Os Castros de Lalín**. Colección Deza Básicos, núm 11. Seminario Estudos Deza

FICHA ARQUEOLÓXICA DO CASTRO DE SESTELO

A ficha arqueolóxica inclúe fotografías e diagramas do Castro. Nesta primeira vese perfectamente os recintos castrexos de Sestelo e de Vilar separados polos meandros do río Asneiro.



Moi ilustrativa é tamén a seguinte imaxe que describe o recinto castrexo de Sestelo e as estruturas anexas do mesmo.



XESTA BRANCA E CARBALLO NEGRAL



FIGURA 4.3 Follas fortemente lobuladas e landres de carballo negral (Castro de Vilar).

A VEXETACION NO CONTORNO DOS CASTROS DE SESTELO E VILAR

Nos arredores dos castros de Sestelo (Castro Deste-lado) e Vilar (Castro Daquel-lado), localizados a ámbolos dous lados do río Asneiro, entre as parroquis de Botos e Soutolongo, aparecen manchas de "**xesta branca**", a xesta do estrume, empregada tradicionalmente para cama do gando e unha masa forestal relativamente considerable de **carballos negrais** ou **cerquiños**.

A **xesta branca** localízase ao Sur do castro de Sestelo, nunha ladeira de solaina que recibe unha forte insolación e sobrevive nunhas duras condicións ambientais de solos secos e pouco desenvolvidos. A superficie ocupada por esta formación leñosa é dunhas 0,9 Ha, desde a croa do castro (470 m) ata o pé do río Asneiro (435 m).

O **carballo negral** concéntrase no contorno do castro de Vilar, ocupando todo o espazo do meandro encaixado do río (entre os 435 m do río e os 468 m do castro), nunha superficie aproximada de 9 Ha. Esta zona corresponde á marxe esquerda do río Asneiro, nunha vertente de umbría, menos soleada e máis húmida ca anterior.

A XESTA BRANCA

A xesta branca está considerada como un *endemismo* (planta exclusiva dunha determinada rexión xeográfica) do Oeste da Península Ibérica, especialmente

extendida desde o Algarve ata Galicia, no espazo abarcado pola primitiva Lusitania romana, por iso é coñecida co nome científico de "*Cytisus albus* c. *Lusitanicus*" (o primeiro botánico que a recoñeceu púxolle esa denominación), aínda que a maior parte das veces aparece como "*Cytisus multiflorus*".

En Galicia localízase, preferentemente, nos terreos de clima máis continentalizado e menos chuviosos, ocupando solos pobres orientados ao Sur (vertentes de solaina), moitas veces con abundantes afloramentos rochosos, por iso é considerada como unha planta indicadora de carácter edáfico e climático (continentalidade, precipitacións relativamente baixas e seca estival). O seu ciclo vexetativo desenvólvese desde abril a novembro e a floración ten lugar nos meses de maio a xullo.

A presenza de xestas brancas ao lado dun bosque de cerquiños pode corresponder a unha etapa regresiva debida á deforestación e, no caso de abandonarse a súa explotación como fertilizante agrícola pasando polos cortellos, pode reinvertirse o ciclo cunha nova expansión da carballeira de cerquiños.

O CARBALLO NEGRAL OU CERQUIÑO

O carballo negral ou cerquiño ("*Quercus pyrenaica*") pode acadar os 25 metros de altura, a pesares do seu crecemento lento, e ten unha lonxevidade menor ca do carballo común ("*Quercus robur*"). É unha especie caducifolia, ben adaptada aos climas continentais con secas estivais, máis ou menos prolongadas, e xeadas fortes durante o inverno. Tendo en conta a altura na que se localiza sustitúe á aciñeira (*Quercus ilex*), que se sitúa en niveis máis baixos. Na nosa zona, pode chegar, en condicións extremas, aos 900 metros (Serra do Candán) en combinación con outras árbores como poden ser os bidueiros.

Esta especie é de crecemento espontáneo e, aínda que, tradicionalmente, foi empregado para a obtención de leña, sen embargo non resulta competitiva co carballo común debido ao seu menor crecemento, á calidade da madeira e a menor utilidade do seu froito, as landres. Hibridiza facilmente cos outros carballos e adaptase con facilidade aos terreos silicícolas (con abundancia de sílice).

EXPLICACIÓN

A presenza de especies de flora da rexión mediterránea na nosa zona explícase polas variacións climáticas que ten habido no pasado, durante os últimos 10.000

anos, ao rematar o último período glaciario. A súa entrada na conca do Deza ten lugar polo "corredor" de Dozón (zona de nacemento dos ríos Asneiros, afluente do Arenteiro, e Asneiro, afluente do Deza) procedente da conca do Miño que presenta unhas condicións climáticas diferentes na mesma latitude. Ao longo dese corredor foron quedando diversos enclaves aillados de ambas dúas especies a arbustiva (xesta branca) e a arbórea (carballo negral), como sucede en Riazó, O Carballo, A Retorta, Bugallás, Requeixo, As Quellas, Pozo Negro, Polígono Industrial de Botos, sendo a zona dos castros de Vilar e Sestelo o enclave meridional máis representativo. A partir deste lugar a presenza de carballo negral e xesta branca é pouco significativa por causa do cambio ambiental que ten lugar cara o val do río Ulla.



FIGURA 4.1 Xesta branca en fase de floración no mes de xuño



FIGURA 4.2 Carballos negrais ou cerquiños, durante o inverno, nos arredores do castro de Vilar (Soutolongo)

ANTONIO PRESAS GARCÍA

BIBLIOGRAFIA.

PRESAS GARCIA, A. (1995): **A conca do río Deza**. Traballo de Investigación Inédito

REDONDO ALVAREZ, N. (1982): **Flora Superior de la cuenca del río Deza**. Tesiña. Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

A FÁBRICA DA LUZ



A CENTRAL DO CASTRO

Entre as parroquias e Soutolongo e Botos, na zona coñecida popularmente no pasado como "Os Castros Deste-lado e Daquel-lado", atópanse os restos dunha central hidroeléctrica contruída entre 1918-1920, sobre o río Asneiro. Están a punto de cumprirse, non só 100 anos da súa construción, senon tamén do período de tempo que hai desde que a Vila de Lalín cambiou o alumeado de gas pola electricidade. A chegada da electricidade, primeiro á Vila e logo as aldeas era recibida polo vecindario como un gran acontecemento "aquelos da iluminación era magnífico, a luz era como un milagre e cada data na que se celebraba a electrificación dunha aldea era unha festa no lugar".

Para os veciños de Sestelo (Botos) e Vilar (Soutolongo), as dúas aldeas máis cercanas, esta central hidroelétrica (unha minicentral dentro da clasificación actual) era coñecida como "A Fábrica da Luz" ou a "Central do Castro", mentres que para os máis afastados era a "Central de Botos" ou a "Hidroeléctrica do Deza", neste caso porque a poboación tiña asumido o erro da denominación indebida do río, ao que lle chamaban Deza cando na realidade é o río Asneiro.

Para a construción desta central aproveitouse o meandro que describe o río arredor do Castro Daquel-lado ou Castro de Vilar, represando a auga ao comezo do estreitamento (istmo do meandro) e levándoa por un túnel escavado, con escaso desnivel, a través do mesmo ata chegar á zona de saída, onde se colocaron as

turbinas, aproveitando un desnivel máximo duns oito metros. A conducción da auga era por desviación e a forza motriz nas turbinas dependía da altura de caída, un sistema moi parecido ao empregado nos cubos dos muiños

A central tiña dous grupos alternadores de 140 Kw cada un, que funcionaban alternativa ou conxuntamente, segundo o caudal do río e a auga almacenada no encoro. A captación da auga na presa realizábase por un lateral, aproximadamente a media altura, de tal xeito que se a presa estaba mediada a súa circulación era por simple derivación pola rasante, pero con augas altas a conducción xa era forzada (a presión), permitindo ademáis a posibilidade de que os dous alternadores funcionasen a un tempo.

A electricidade producida era conducida por unha liña de 15.000 voltios, con cables de cobre, ata un centro de transformación instalado en Lalín, abastecendo a uns 3.500 clientes que foron incrementando progresivamente a demanda, por iso, no ano 1950 a Sociedade Galega de Electricidade S.A., propietaria da central de Dorna (conca do río Lérez) instala unha liña de 15 Kv atravesando a Serra do Candán e chegando ata o concello de Lalín: En moi pouco tempo xa estaba conectada esta rede coa da central de Botos e iso contribuíu enormemente ao espallamento da rede eléctrica por todas as parroquias do concello.

Posteriormente, en 1966 a concesión foi vendida a FENOSA e esta sociedade, unha vez trazada a liña de 66 Kv Belesar-Subestación de Lalín, decide cerrar definitivamente a "Central do Castro", na década dos anos 70.

ASPECTOS TECNICOS

Ancho da presa: 25 metros

Altura da presa: 5 metros

Distancia recorrida polo río desde a presa ata a central eléctrica, volteando o meandro: 975 metros

Desnivel do río entre a presa e a central eléctrica: 6 metros

Lonxitude máxima do encoro (augas altas): 650 metros

Lonxitude do túnel de conducción de auga ata a central: 175 metros

Tipo de túnel de conducción da auga: *feito en vivo na rocha, sen enlucir*

ANTONIO PRESAS GARCÍA




FIGURA 3.1 Comporta de entrada de auga no túnel que vai desde a presa ata a central hidroeléctrica por debaixo do Monte do Castro (Vilar, Soutolongo)

BIBLIOGRAFIA.

LAMAS COSTA, M. (2003): **A enerxía dos ríos na Comarca de Deza**. Cadernos Museo Casa do Patrón, nº 3.

GONZALEZ ALEN, D.: **Cen anos de luz eléctrica na vila de Lalín** Faro de Vigo, 11 de decembro de 2015.

MUÍÑO DE BAXÁN



Despois de pasar por Botos e cruzar o camiño de Santiago, o roteiro segue en dirección a Lalín. No lugar de Baxán ao pé do camiño atoparemos un muíño de canle, de dúas moas. Este muíño ten un tamaño considerable e sería interesante a súa conservación e posta en valor.


As terras do Deza presentan unha morfoloxía orográfica variada con montañas, vales e fragas, surcadas polos ríos Deza e Arnego e os seus afluentes, así como por multitude de regueiros e regatos. A climatoloxía húmida oceánica favorece o cultivo e aproveitamento dos recursos agrarios. Un dos máis tradicionais aproveitamentos foi o cultivo do cereal que non hai moitos anos colleitábase en grande cantidade e boa calidade, tendo moita sona e recoñecemento popular o pan elaborado a partir destes cereais.

En calquera recuncho ou reviravolta de ríos ou regatos de Lalín, atopamos hoxe os vestixios da actividade desenvolvida a carón dos muíños de auga que serviron para transformar o cereal en fariña para a elaboración do pan.

A vida arredor dos muíños xerou unha cultura que en todo caso enriquecía as relacións sociais entre os veciños do lugar, e en moitas ocasións era canle unificador de interrelacións humanas. Houbo pois

unha intensa actividade popular arredor dos muiños de auga. Os muiños, de xeito natural, convertíronse en obrigado e agarimoso punto de xuntanza dos veciños, e así tiveron unha vida social rebulideira e cantareira.

A Asociación Galega “Amigos dos muiños”, en colaboración coa Dirección Xeral do Patrimonio, coa colaboración de veciños e do Concello de Lalín, fixo un inventario dos muiños de Lalín. Neste inventario aparecen 209 muiños distribuídos por todas as parroquias do Concello. Estamos pois ante un sinal máis que indica o rico patrimonio etnográfico que posuimos e que debemos preservar.



BIBLIOGRAFÍA:

Os muiños de auga no Concello de Lalín. Xabier Lores Rosal. Anuario de Estudos Deza volumen nº3. Páxinas 181 a 211.

ROTEIRO DO CASTRO DE SESTELO

A NECROPOLE DE SETE CAMIÑOS (DONRAMIRO).




FIGURA 5.1 Esquemática dunha mámoa con anta ou dolmen vista de perfil. O dolmen está construído con lousas de gran tamaño e túmulo feito con terra, taponando a anterior estrutura

Na liña divisoria que se estende entre Sete Fontes (arriba de Belelle), O Coto, Feás, castro de Donramiro, a Romea e o Alto da Pena (Donsión) téñense contabilizado, ao longo desta divisoria, unhas sete/dez mámoas, das que, na actualidade tan só se conserva unha nun soto situado entre Feás e Agruchave, a de *Coto da Mámoa*. A referida divisoria hidrográfica, duns 7,5 Km de lonxitude e na que predomina a planitude, separa as cuncas fluvias dos arroios Cabirtas (antigo Berbia), polo lado Norte e os afluentes de cabeceira do Portos-Riádigos, polo lado Sur.

No espazo actualmente ocupado polo Campo Municipal de Fútbol foron arrasados dous túmulos entre 1958-1962, cando se procedía á preparación do terreo, mediante roturación, para "prácticas agrarias" por parte do Instituto Laboral Ramón M^a Aller. Esa referencia foi recollida por Filgueira Valverde e García Alén na separata "*Adiciones a la Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra. Inventario de Monumentos Megalíticos*" de 1977, publicada polo Museo Provincial. En dita separata aparece, textualmente, a seguinte información: *Donramiro, Santa María. O Empalme. "En terrenos adquiridos para prácticas del entonces Instituto Laboral, al efectuar labores agrarias, un tractor levantó la losa de cubierta de una mámoa en la que aparecieron un recipiente de barro, hoy en paradero desconocido y un hacha pulimentada"*.

A escasa distancia deste lugar, ao Suroeste de Sete Camiños, aínda se conserva un microtopónimo, "As Mámoas", un prado no que existiron dúas ou tres mámoas, actualmente arrasadas e das que posiblemente se conserven varias lousas metidas en cerres de fincas cercanas.

AS MAMOAS DA ROMEA

No *Monte do Cotiño*, situado por atrás (lado Oeste) do cemiterio municipal, houbo tres mámoas, das que unha, de escasa altura, aínda se conserva, outra foi arrasada e na terceira efectuouse unha escavación arqueolóxica no ano 2.002 ao verse totalmente afectada pola autopista Santiago-Dozón.

O mámoa escavada, recoñecida como *túmulo da Romea*, proporcionou unha cantidade enorme de material arqueolóxico (3.183 pezas diversas), posibilitou datacións radiocarbónicas e os cambios observados na súa arquitectura permitiron comprobar diferentes etapas de uso do monumento ao longo da súa historia. No momento da escavación a mámoa estaba afectada polo paso dun camiño, presentaba un cráter de violación (saqueo da cámara no século XVII) bastante taponado e tan só se conservaba unha lousa da cámara, pero trala realización do traballo obtivéronse uns resultados extraordinarios, en canto a súa contribución ao coñecemento do megalitismo a nivel comarcal e rexional.

A datación radiocarbónica máis antiga situaba a base do megalito no ano 3.962 a. C., no Neolítico Medio e entre este período e o Neolítico Final (2.679 a. C.) foron adscritos 365 anacos de cerámica (o 82% de toda a cerámica exhumada) pertencentes a 24 recipientes distintos. Durante a Idade do Bronce o monumento continuou en uso funerario, pero o número de anacos de cerámica localizados descendeu considerablemente (29 pezas, algunhas de campaniforme).

A longa vida do monumento caracterizouse por presentar períodos activos e outros longamente pasivos, dato relativamente importante dado que, ata o de agora, non se tiña coñecemento de que mámoas sinxelas coma esta puideran ser usadas, reusadas e incluso retumuladas durante un espazo de tempo enorme.




FIGURA 5.2 Esquema dun dolmen en planta. A disposición das lousas ou esteos forman un recinto cerrado de forma circular, ao que se accede por un corredor, xeralmente orientado ao Naciente.

BIBLIOGRAFIA.

- DIEGUEZ FERNANDEZ, N. e PRESAS GARCIA, A. (2011): **A parroquia de Donramiro**. Revista "A Cacharela". IES "Laxeiro", Lalín. Páxs 97-114.
- FILGUEIRA VALVERDE, J. e GARCIA ALEN, A. (1977): **Adiciones a la Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra. Inventario de Monumentos Megalíticos**. Museo de Pontevedra.
- VAZQUEZ CRESPO, A. e GONZALEZ ALEN, D. (1989): **A Comarca do Deza**. Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra

PAZO DE FILGUEIROA



Fotografía.- Pazo de Filgueiroa a finais do século XIX tomada o blog historia de Deza de Antonio Vidal Neira, a quen lle cedeu a fotografía Jaime Alvarellos.

O pazo de Filgueiroa conta cunha importante historia. Entre os seus moradores figuran ilustres persoeiros de Lalín como o xuíz e político Jesús Ulloa Pimentel e o astrónomo Don Ramón María Aller Ulloa.

Parece ser que a orixe da casa puido ser unha torre e posteriormente esta construción derivaría nun pazo. As orixes do pazo de Filgueiroa sitúanse a finais do século XV. A comezos do século XVI estaba asentada do pazo a familia Froiz. O mosteiro de San Martín Pinario aforoulle o lugar de Filgueiroa a Juan Froiz no ano 1543. Posteriormente aparece a linaxe dos Noguerol. O pazo progresou en riqueza con Pedro Fernández Gil, que foi mordomo de rendas do Conde de Lemos a principios do século XVII.

No século XIX a participación dos moradores deste pazo en feitos políticos foi moi intensa. Destaca aquí a figura de Jesús Ulloa Pimentel, que foi xuíz de Lalín nos anos 1838 a 1840 pasando logo como xuíz a Pontevedra e posteriormente foi nomeado gobernador civil da provincia no ano 1852. O Xulgado de Lalín situouse en Filgueiroa pola súa iniciativa, o que deixa clara a primacía de Donramiro sobre Lalín neste momento histórico.

Posteriormente chegaría ao pazo a linaxe Aller. E o día 3 de febreiro de 1878 naceu don Ramón María Aller Ulloa.

CONXUNTO HISTÓRICO DE DONRAMIRO

O PALACETE DOS CRESPO



Donramiro é unha das parroquias do Concello de Lalín. A súa poboación distribúese en nove lugares: O Regueiriño, Donramiro, Filgueiroa, O Empalme, Montserrat, Trascastro, A Penela, Agruchave e Feás. O nome de Donramiro parece que procede de Ramiro, que ben puido ser un repoboador destas terras ou ben referirse ao rey Ramiro, monarca de Galicia, que tería sido o fundador da igrexa da parroquia.

O pasado histórico de Donramiro remóntase ao periodo neolítico, pois nas obras da autoestrada atopouse un xacemento datado nese periodo. Da era castrexa da testemuño o Castro de Donramiro. En canto a era romana tamén deixou pegadas na parroquia, cun xacemento no alto de Vales. No medievo construíuse a igrexa románica.

Pero Donramiro tivo especial relevancia na época contemporánea. No século XIX a casa do Concello emprazouse en Filgueiroa, logo estivo en Donramiro e finalmente trasladouse a Lalín no ano 1906, polo que Donramiro foi durante un gran periodo de tempo a capital municipal.

O palacete dos Crespo fálanos dese tempo. Esta foi a casa do cacique José Crespo Villar. Este home dominou a política local durante o segundo tercio do século XIX, ocupando a alcaldía ata o ano 1866. A expresión popular de “Un solo Dios en el cielo y en Lalín un Crespo sólo” é ilustrativa do poder absoluto que tiña este home a nivel local, chegando a ser ademais deputado en Cortes en 1871 substituíndo a Montero Ríos. Primeiro militou cos moderados de Narváez, despois

pasou a alternativa de centro capitaneada por O'Donnell. Perdeu a alcaldía no bienio progresista de 1854-56 e, despois de fracasar no seu intento de recuperala pola forza, volveu ao sillón municipal grazas a súa habilidade de político e os seus recursos de cacique, ocupando a alcaldía ata 1866. Morreu o 7 de agosto de 1881.

Antonio Crespo Pampín, fillo de José Crespo, dou continuidade a saga dos Crespo na política local. Naceu no ano 1851 e morreu no ano 1928 aos 78 anos de idade. Foi representante do Marqués de Riestra na comarca do Deza. Chegou a alcaldía de Lalín no ano 1903 ocupándoa ata o ano 1923. Tivo moitos enemigos políticos. No Partido Xudicial de Lalín había dous bandos políticos “os negros” ao que pertencía Antonio Crespo e “os blancos”, capitaneados estes últimos pola familia Blanco que eran industriales de Filgueira. Debido a esta enemistade, Antonio Crespo sufriu tres atentados. Un primeiro foi en 1914 onde se lanzou unha bomba contra a casa-palacete de Donramiro que non tivo consecuencias. Ao ano seguinte sufriu un segundo atentado que foi cun tiro de escopeta cando ía do Regueiriño a Donramiro a altura da casa do zoqueiro, que o alcanzou na cabeza pero sobreviviu a pesares de que lle extraíron 17 perdigóns. O terceiro atentado foi unha dobre explosión outra vez no palacete de Donramiro en decembro do ano 1915, que causou danos importantes derrubando parte do edificio e desprendendo o tellado.

A Antonio Crespo sucedeu a súa filla, Anuncia, coñecida como “a Crespa”. De aí que haxa a carballeira co seu nome.

En Donramiro estivo a casa do Concello ata 1906 nun edificio coñecido como a “casa da culpa”. A casa leva ese curioso nome debido a que D. Antonio Crespo Pampín conseguiu nunha das ocasións aprazar as eleccións derrubando parte da casa, ó levantarlle un lado do tellado e quitar o dintel da porta. De aí que fora dende aquela coñecida como a “Casa da Culpa”. Tamén estivo alí o calabozo municipal.

O palacete dos Crespo, hoxe en día coñecido como “A casa da Crespa”, é propiedade dos herdeiros da última moradora Anuncia Crespo Barros, “A Crespa”.

BIBLIOGRAFÍA:

Antonio Vidal Neira:

<https://historiadeza.wordpress.com>

<http://donramiro.org/>

CONXUNTO HISTÓRICO DE DONRAMIRO

O CASTRO DE DONRAMIRO


O castro ubícase no monte do Montserrat, tamén coñecido como “Monte das Penas do Cesto”, á beira da ermida que leva o nome da Santa e a escasos metros da igrexa parroquial de Santa Maria de Donramiro.

O castro confórmase a partir dun recinto principal superior ou croa de forma subcircular e dous antecastros, dos que un pode considerarse seguro e o outro probable.

A croa está rodeada por un foxo externo hoxe bastante colmatado, que se estende ó pe do terraplen polo lado oeste. É polo lado suroeste onde enlaza o primeiro antecastro coa croa. O segundo antecastro, mais exterior, conta con terraplen de diferente altura segundo a pendente do terreno. Este antecastro aparece destruído a causa das edificacións feitas ó longo da estrada executada nos anos 50 e denominada hoxe en día como Rua do Castro.



Ortofoto do voo Americano de 1956 (esquerda)



Detalle do plano 1:5000 (dereita)

O castro atópase delimitado polo vento noroeste polo camiño de acceso ás fincas do Agro do Castro que discorre a carón do terraplén.

Polo norte queda limitado polo antigo camiño real que viña por Feás e pasaba por Donramiro en dirección a Ponte Taboada e as edificacións construídas ó longo do camiño.

Polo sur coa rua do castro e mais edificacións e polo oeste co camiño que une os dous camiños anteriores atravesando a carballeira do Monserrat.

Existen numerosas referencias acerca do achado de diversos materiais neste castro, dende moedas de ouro, muiños barquiformes, un anaco dun brazaletes de ouro, fusaiolas de pedra, ata numerosos restos cerámicos con decoración ou fragmentos de barro con improntas de paus....

Nas proximidades do castro, concretamente no alto de Vales, cando se realizaba a escavación da rotonda de Vales, Antonio Presas decatouse da existencia de tégulas, iniciándose unha escavación arqueolóxica para finalmente descubrir unha tumba de época romana datada provisionalmente entre os séculos II-IV d.C.

García Alén e Filgueira Valverde (1977) sinalan que nos terreos que actualmente están ocupados polo campo de fútbol foi levantada unha lousa de cuberta dunha mámoa e nos seu interior recolleuse unha vasilla de barro e un machado de pedra pulimentado.

O mestre e cronista de Muimenta, Francisco Vilariño , sinala que un veciño de Lalín durante uns traballos agrícolas no castro de Donramiro, ala polo ano 1880, atopou unha sepultura feita con ladrillos dotada de cuberta de barro.

Estes descubrimentos serven para poñer de manifesto o gran potencial arqueolóxico que presenta esta zona porque, segundo manifesta Antonio Presas, é moi posible que existira neste espazo un poboado de época romana posterior ó asentamento castrexo.

BIBLIOGRAFÍA:

Os castros de Lalín. Antonio Presas Garcia. Colección Deza Basicos nº11. Seminario de Estudios de Deza (2008).

CONXUNTO HISTÓRICO DE DONRAMIRO

A IGREXA DE SANTA MARÍA DE DONRAMIRO



A primeira noticia documental que fai referencia á Igrexa de Donramiro, é unha doazón do templo de *Sancta María de Domno Ranemiri in terra Decie*, feita por Juan Díaz (vinculado á Casa de Chedas, na parroquia de Zobra) e a súa dona María Luci, á igrexa de Lugo, en xaneiro de 1119. Esta referencia (recollida polo párroco de Lalín, Ventura Cañizares del Rey no libro de Pergaminos Episcopales de Lugo) fainos pensar que a igrexa de *Domno Ranemiri* xa existía dende épocas anteriores á data citada.

A Igrexa actual, tan só conserva da primitiva traza medieval (s. XII) a interesante fachada e o primeiro tramo da nave, todo o demais foi reformado no século XVII, elevando os seus muros e alongando a cabeceira.

Distínguense as dúas épocas pola cor das pedras: a cor do granito da fachada romanica é diferente ó empregado para construír os muros barrocos laterais, que son dunha pedra cunha tonalidade mais vermella. Son de época románica as arquivoltas da portada, o tímpano que se apoia no curioso arco carpanel, os ábacos e parte das columnas.

Encima da portada está a saeteira ou abertura da fiestra románica con forma abocinada, que está en liña co eixe vertical do piñón do campanario de indubidable traza románica. Coroando o campanario conservase o Agnus Dei cunha cruz celta.

Son tamén de época románica os poucos canzorros que aínda se conservan adornando os aleiros laterais, unha pía para a auga bendita, situada no interior do muro norte, e unha imaxe de Santiago peregrino. No atrio hai dúas interesantísimas pías bautismais de orixe románico, de gran valor arqueolóxico. A máis interesante é a de maior tamaño, na que, a pesar da erosión, aínda se poden apreciar uns relevos moi desgastados: trátase dunha cenefa de grandes follas nervadas, aparentemente de carballo, dispostas en paralelo unhas con outras.

A planta da igrexa é de cruz latina, formada polas capelas laterais que foron construídas en ambos os dous lados da nave. Acaroadada ten a sacristía.

No século XVII foi obxecto dunha profunda remodelación que orixina o seu estado actual e aparencia barroca. Desta época destaca o suntuoso retablo barroco do altar maior, quizais a máis fermosa obra barroca de toda a comarca do Deza, pola harmonía perfecta entre o tamaño das súas imaxes, as súas columnas e a ornamentación. No século XX tamén sufriu varias reparacións e no s.XXI foron solucionados os problemas de goteiras e humidades que estaban deteriorando o templo.

O adro da igrexa conta con numerosos panteóns e sepulturas dos veciños da parroquia. Entre os veciños ilustres que repousan no atrio de Donramiro, cabe destacar ó sabio lalinense Ramón María Aller Ulloa, natural do pazo de Filgueiroa, desta parroquia. O seu sepulcro atópase ós pes da fachada principal da igrexa.

Outro sepulcro interesante é o situado a carón do muro sur da nave principal, labrado en pedra e sobre o que se pode ver a estatua xacente dun sacerdote, que ben podería ser a do cura que rexentaba a parroquia cando se levou a cabo a reforma e ampliación do templo no ano 1654.

Tamén aquí atopamos o sepulcro da última moradora da “Casa de Crespo”, no que podemos ler:

A escasos metros deste templo e xa nas faldas do montículo ocupado polo castro prerromano de Donramiro, sitúase unha capilla-santuario, que según o Catastro de Ensenada, estaba dedicada a San Roque e onde o rei tiña unha dehesa, cun culto que se perdeu e, probablemente a partir do século XVIII, empeza a practicarse o culto a Nosa Señora do Montserrat. Pero este non se legaliza canónicamente ata 1882, cando esta capilla de Donramiro foi agregada á Pontificia e Real Cofradía de Nosa Señora do Montserrat de Cataluña.



BIBLIOGRAFÍA:

www.romanico.digital.com

Isidro Bango Torviso, *Arquitectura románica en Pontevedra*, 1979.

Blog de Antonio Vidal Neira:

<https://historiadeza.wordpress.com>

Bibliografía:

- “A Comarca do Deza”. Daniel González Alén y Armando Vázquez Crespo.
- “Lalín. La tierra de Deza”. Armando Vázquez Crespo. Editorial Everest S.A.
- “Pazos y moradas hidalgas de Deza”. César Gómez Buxán e Francisco Rubiá Alejos. Editado pola Excma. Diputación Provincial de Pontevedra.
- “Guía dos castros de Lalín”. Carmen Buxán. Editorial o trillón A.C. O Naranxo.
- “Os Castros de Lalín”. Antonio Presas García. Editado polo Seminario de Estudos de Deza.
- Os muiños de auga no Concello de Lalín. Xabier Lores Rosal. Anuario de Estudos Deza volumen nº3. Páxinas 181 a 211.



Fotografía tomada da ficha arqueolóxica do castro de Sestelo. Aprécianse ben nesta imaxe dixital os recintos castrexos de Sestelo e Vilar, o forte encaixamento do río Asneiro.